

Para saber máis...

- University of Washington Dental Education in the Care of Persons with Disabilities Program. Oral Health Fact Sheet for Dental Professionals: Adults with Traumatic Brain Injury. http://dental.washington.edu/wp-content/media/sp_need_pdfs/TBI-Adult.pdf.
- Dai R, Lam OL, Lo EC, Li LS, Wen Y, McGrath C. A systematic review and meta-analysis of clinical, microbiological, and behavior aspects of oral health among patients with stroke. J Dent 2015;43:171-80.
- College of Dental Hygienists of Ontario, CDHO Advisory Stroke, 2017-06-28 https://www.cdho.org/Advisories/CDHO_Advisory_Stroke.pdf.
- British Society of Gerodontology (2010). Guidelines for the Oral Healthcare of Stroke Survivors. https://www.gerodontology.com/content/uploads/2014/10/stroke_guidelines.pdf.
- Pillai RS, Iyer K, Spin-Neto R, Kothari SF, Nielsen JF, Kothari M. Oral health and brain injury: causal or casual relation? Cerebrovasc Dis Extra 2018;8:1-15.

FEGADACE

FEDERACIÓN
GALEGA DE
DANO CEREBRAL

Federación Galega de Dano Cerebral
Rúa Galeras 17, 2º, Despacho 5
15705 Santiago de Compostela



www.fegadace.org



881943148 / 659177709



Asociación de Dano
Cerebral de Compostela




Unidade de Odontoloxía para Pacientes con
Necesidades Especiais da
Universidade de Santiago de Compostela



pacientes.especiales@hotmail.com

DANO CEREBRAL E SAÚDE ORAL

INFORMACIÓN PARA PROFESIONAIS



FEGADACE
FEDERACIÓN
GALEGA DE
DANO CEREBRAL



Unidade de Odontoloxía para Pacientes
con Necesidades Especiais da
Universidade de Santiago de Compostela



XUNTA
DE GALICIA

Achados orais máis frecuentes

- 🦷 Parálise unilateral da musculatura orofacial.
- 🦷 Os alimentos tenden a acumularse nas fazulas e o chan da boca.
- 🦷 Perda de sensibilidade.
- 🦷 Disfagia (risco de aspiración e pneumonía).
- 🦷 Disminución do reflexo nauseoso.
- 🦷 Dificultade para falar e mastigar.
- 🦷 Caries, enfermidade periodontal e halitose.
- 🦷 Disxeusia de orixe neurolóxica ou medicamentosa.
- 🦷 Hiposalivación.

Avaliación de riscos en persoas con antecedentes médicos de:

- ⚠️ Accidente isquémico transitorio.
- ⚠️ Déficit neurolóxico isquémico reversible.
- ⚠️ Hipertensión.
- ⚠️ Insuficiencia cardíaca.
- ⚠️ Diabetes.
- ⚠️ Tendencia ao sangrado (medicación antitrombótica).

Cita e posición

- 🦷 Atrasar polo menos 6 meses os procedementos electivos.
- 🦷 Programar sesións curtas e a media mañá.
- 🦷 Aplicar protocolos de redución de estrés.
- 🦷 Monitorizar ao paciente.
- 🦷 Se é posible, manter a cadeira de brazos en posición vertical.
- 🦷 Non forzar as extremidades que adoptan posicións inusuais.
- 🦷 Permitir os movementos corporais incontrolados.
- 🦷 Exercer unha presión suave para atenuar o tremor das extremidades.
- 🦷 Valorar o emprego de coxíns no lado afectado.

Anestesia e sedación

- 🦷 Limitar as doses de epinefrina a 0,04 mg (2 carpules ao 1:100.000).
- 🦷 Segundo a gravidade da lesión cerebral, algúns pacientes poden ter dificultades de colaboración.
- 🦷 Pódese utilizar óxido nítrico e/ou premedicación con benzodiazepinas (valorar comorbilidades).
- 🦷 A anestesia xeral debe reservarse para os casos que o requiran.

Tratamento odontolóxico

- 🦷 Valorar o risco de sangrado.
- 🦷 Adoptar medidas locais de hemostasia.
- 🦷 Utilizar aspiración potente e continua para controlar a saliva.
- 🦷 Evitar o fío retractor impregnado en epinefrina.
- 🦷 Recoméndase o emprego rutineiro do dique de goma.
- 🦷 Se é posible, tratamento restaurador atraumático.
- 🦷 Os desaxustes das próteses e as súas consecuencias disfuncionais son frecuentes.
- 🦷 Se é factible, seguir utilizando a prótese inmediatamente despois do episodio de dano cerebral.
- 🦷 É preferible rebasar a prótese en lugar de elaborar unha nova.
- 🦷 Á hora de deseñar unha rehabilitación, ter en conta a habilidade motora para colocar e retirar a prótese, a posibilidade de inxesta accidental, o grao de hixiene e a existencia de hábitos nocivos como o bruxismo.

Educación e prevención

- 🦷 Ter en conta o estado anímico da persoa.
- 🦷 Instruír á persoa coidadora en técnicas de hixiene oral.
- 🦷 Arrastre mecánico da placa e aplicación dun antiséptico diariamente.
- 🦷 Valorar a aplicación tópica de verniz de flúor.
- 🦷 Programar visitas de revisión periódicas.